

## A cultura castrexa na bacía do Lérez - Almofrei.

MANUEL REBOREDO TAJES\*

\*Doutor en Historia.

### RESUMO

Explicase a evolución das investigacións na área de estudo do artigo. Analízase a tipoloxía dos poboados e a importancia dos cursos de auga, que inflúen no seu emprazamento, e que modelaron unha serie de vales e interfluvios encadeados. Coméntase a área de visión, o control do territorio e a intervisibilidade. Outros aspectos tratados son a rexionalización e as defensas. Ó final sintetízanse os rasgos dun castro deste val.

### ABSTRACT

*The article explains the evolution of the research in the area of study. The different kinds of settlements and the importance of rivers that have influence on their location and that modelled a series of valleys and linked watersheds are analyzed. The area of vision, the control of the territory and the intervisibility are also commented on. Other aspects are regionalization and defenses. In the last part, the features of a fort in this valley are summarized.*

### PALABRAS CLAVE

Tipoloxía. Rexionalización. Recursos hídricos. Castro. Visibilidade.

### KEYWORDS

*Kind. Regionalization. Water resources. Fort. Visibility.*

### HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS

No que atingue ós traballos de pescuda arqueolóxica na bacía do Lérez, do que o seu principal afluente, no curso medio, é o Almofrei, en primeiro lugar, hai que mencionar a relevante actividade desenvolvida pola *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, fundada no ano 1894 por D. Casto Sampedro y Folgar, que a presidiu ata que desaparece a mesma no 1939. Esta institución, na que salientarán varios intelectuais, foi antecesora do futuro Museo Provincial de Pontevedra fundado en 1928.

O pioneiro daquela foi Enrique Campo Sobrino, quen, xa no 1907, andou pola nosa zona debuxando os petróglifos máis importantes. Máis tarde, amosaría estes debuxos na Real Academia da Historia e foron moi valorados. Logo, incluso se exhibiron na Exposición Rexional Galega de 1909. Neste tempo, daquela, xa tiñan relacións os investigadores da devandita sociedade pontevedresa con estudosos portugueses.

Ramón Sobrino Buhigas, curmán seu, logo do prematuro pasamento de Enrique Campo no 1911, toma o relevo e será quen publique o *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (1935). Este investigador ingresara no *Seminario de Estudos Galegos* no 1927. Esta institución, dende a súa fundación, desenvolveu unha inxente labor no que atingue ó patrimonio arqueolóxico do noso país, incidindo especialmente na Cultura Castrexa.

Entre os petróglifos que se recollen na devandita obra (Sobrino Buhigas, 1935; 15,24,25,28,29,30 e 32) están, entre outros, os máis senlleiros do val medio do Lérez: Laxe da Rotea do Mendo (Campo Lameiro), Outeiro do Cogoludo ou Laxe da Forneiriña (Paredes), Pedra da Beillosa (Fragas); Pedra Redonda das Cuadas dos Mouros (Carballedo), Pedra das Ferraduras, Outeiro da Mó ou Laxe dos Cebros (Fentáns); Pedra do Lombo da Costa, Laxe do Cuco ou A Eira dos Mouros no castro da Cividá (San Xurxo de Sacos); Laxe das Coutadas e Portela da Laxe (Viascón) ou o Coto do Outeiro (Parada-Tenorio). A súa laboura continuaríaa logo o seu fillo Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza.

Outro investigador senlleiro e natural de Loreiro (Cotobade) foi D. Antonio Fraguas

Fraguas. Entre as súas numerosísimas publicacións podemos destacar unha ponencia presentada ó *III Congreso Nacional de Arqueología* (1953), cuxas actas se publicaron dous anos despois: “Petróglifos del monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)”. Por certo, uns anos despois, a comezos da década dos sesenta destruíronos ó obter pedra para unha casa. Tamén interviu no monte do Castro – Cruz do Castro en Carballedo (xunto co deán da catedral de Santiago, D. Salustiano Portela Pazos) na década dos anos trinta. Abriron unha gabiá, sen metodoloxía arqueolóxica na parte central da croa, da que se ignoran os resultados. Tamén anos máis tarde fixo unha sondaxe no castro de Famelga, nos anos cincuenta.

No ano 1954, Xosé Filgueira Valverde e Alfredo García Alén publican na revista *El Museo de Pontevedra (VIII)* o seu traballo recopilatorio *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra* (Filgueira Valverde, García Alén, 1954; 104, 116, 117, 118, 134, 135, 140, 148, 149, 150, 151). No mesmo recollen referencias e datos de varios castros da bacía do Lérez. Na maioría dos casos recollen só os topónimos: Cotobade: Sucastro (Aguasantas), monte Castelo (Almofrei), monte do Castro-monte Castelo (Rebordelo), Castro e monte Castelo (Tenorio), Castro e monte Castelo (Viascón). / Cerdedo: Os Castros (Quireza). / Campo Lameiro: monte do Castro (San Isidro). / Forcarei: Castrelo, Pereira, outro entre Sta. Mariña e S. Miguel de Presqueiras e, por último, outro en S. Miguel de Presqueiras.

Tamén recollen referencias a xacementos castrexos: Cotobade: A Cividá–San Xurxo de Sacos, monte do Castro en Famelga (este está perto da divisoria pero dá á bacía do Verdugo), coto do Castro-Cruz do Castro en Carballedo. / Pontevedra: Mourente, As Croas, San Cibrán, Ponte Sampaio. / Cerdedo: Castrodiz. / Forcarei: Millerada (supoñemos que sería o de Garellas).

Destacan os da Cividá e o coto do Castro–Cruz do Castro de Carballedo dos que aportan datos. Concretamente do de Carballedo din o seguinte: “Existe un castro, ao que ata fai algún tempo ían botar os foguetes e a encender lume, nas vísperas das festas do Corpus, segundo novas de D. Antonio Fraguas a Xurxo Lorenzo”.

En posteriores exemplares da mesma publicación saen algunhas referencias sucintas da zona. No número IX, da mesma publicación, saen unhas engádegas á anterior catalogación (Filgueira Valverde, García Alén, 1955; 40,42). Pero no XIII (Filgueira Valverde, García Alén, 1959; 57, 58, 67, 68, 69) recollen varios castros da bacía do Lérez non incluídos con anterioridade: coto da Cerca (Praderrei) e monte do Castro (S. Isidro de Montes) en Campo Lameiro; monte do Seixo e O Pego en Cerdedo; coto Loureiro, Sanguñedo, Garellas e Muras en Forcarei; Maúnzo en Pontevedra e o monte Castelo–Rebordelo en Cotobade (aínda que este último non o hai).

Anos máis tarde, hai que destacar as publicacións relativas a petróglifos, nos que ocupan un lugar importante os da bacía do Lérez, sobre todo os da parte media do val. Destacan os traballos de prospección e catalogación nas décadas dos setenta e oitenta obra de Antonio Álvarez Núñez, Alfredo García Alén ou Antonio de la Peña Santos. Este último autor, xunto co profesor José Manuel Vázquez Varela, publicou un traballo de sistematización dos gravados rupestres prehistóricos de Galicia no ano 1979 onde aparecen nun lugar relevante os da bacía do Lérez. Alfredo García Alén e Antonio de la Peña Santos publicaron *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra* no 1980, nesta inxente catalogación aparecen todos os documentados ata daquela.

O único castro escavado, en toda a bacía do Lérez, ata que se desenvolveron dúas campañas (2008 e 2009) no monte do Castro–Cruz do Castro de Carballedo, dirixidas por Ángel Concheiro Coello, foi o de Penalba durante seis campañas (1983-88) dirixidas por Antonio Álvarez Núñez. O devandito poboado castrexo ten o seu desenvolvemento durante a I Idade do Ferro e a súa orixe debeu estar a finais do s.IX a.C. (Álvarez Núñez, 1986; 61) Actualmente está nun estado de total abandono. O único que se pode visualizar en óptimas condicións é a súa muralla. Ademais desta, só se pode citar o control arqueolóxico das obras do oleoduto A Coruña-Vigo, no entorno do coto do Castro de Viascón, por parte de César Parcero Oubiña e onde, segundo este investigador, atoparon un *lynchet negativo* (Parcero, 2002; 159,160 e 161)), no que se constataría o achanzamento de dous socialcos de cultivos.

No 1995 presentouse un traballo de investigación para os estudos de doutoramento por parte de Manuel Reboredo Tajés: *Aproximación aos castros dos concellos de Cotobade, A Lama e Ponte Caldelas (Pontevedra) dende un punto de vista espacial*. No ano 2002 publicouse a tese de César Parceros Oubiña titulada *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del NO. Ibérico* na que tamén trata parte dos castros da parte central da bacía. Máis recente é a publicación da tese de Alfredo González Ruibal baixo o título *Galai-cos: Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. – 50 d.C.)* na Revista *Brigantium* (nº18-19) (2006-2007) que fai moitas referencias ós castros da conca do Lézec. O traballo máis recente é a tese doutoral de Manuel Reboredo Tajés baixo o título *A cultura castrexa nos vales dos ríos Lézec-Almofrei e Verdugo-Oitavén* (2008) baixo a dirección de D. Fernando Acuña Castroviejo.

Por último, hai que mencionar os traballos de catalogación de Ángel Concheiro Coello e Olalla Montero en Cotobade, tanto do patrimonio arqueolóxico coma do etnográfico. Ademais Ángel Concheiro dirixiu, recentemente, as dúas campañas de escavación na Cruz do Castro, nos anos 2008-2009 (Carballedo-Cotobade) e que foi a primeira escavación dun xacemento arqueolóxico que se desenvolveu en Cotobade e tamén no val do Almofrei.

### VISIÓN XERAL DO HÁBITAT CASTREXO.

Na totalidade da bacía do Lézec temos un total de trinta e cinco castros espallados por todo o seu territorio. A superficie da conca fluvial é de 409 km<sup>2</sup> e daríanos unha proporción de un castro por cada 11'68 km<sup>2</sup> nesta área xeográfica. Abrangue cinco concellos: Forcarei, Cerdedo, Campo Lameiro, Cotobade e Pontevedra (Cerdedo na súa totalidade e os outros na súa maior parte).

Destaca a presenza de cursos de auga que modelaron unha sucesión de vales paralelos que seguen as liñas de fractura tectónica. Os cauces caracterízanse por ser rectilíneos con cambios de dirección en ángulo recto. Un feito xeográfico importante na estruturación do hábitat castrexo é a existencia dun amplo conxunto de vales e interfluvios encadeados. Este condicionante posibilitou moitos luga-

res para o asentamento en áreas con boa intervisibilidade: bocarribeiras, outeiros, cotos elevados, esporóns, etc., onde podían instalar poboados.

No que atinge á tipoloxía dos emprazamentos seguimos a feita por Xulio Carballo Arceo (Carballo Arceo, 2002; 101 e ss.) para o Deza, con algunha pequena variación, por ser a máis axeitada para o castrexo e ademais por ser unha área cercana. Carballo distingue cinco tipos: A: cumio dun outeiro ou lomba (ás veces nun interfluvio) / B: aba de pendente suave que subdivide en tres tipos (B-1: situados nunha liña de ruptura de pendentes / B-2: ubicados nunha aba de pendente uniforme e lene / B-3: no rechán dunha aba, nun pequeno coto) / C: alto dun coto elevado de fortes pendentes / D: nun esporón, xeralmente no meandro dun río (neste tipo introducimos unha variante: D-1 ou esporón en altura ou escarpado e D-2 ou esporón chan ou amesetado) / E: nunha chaira. A continuación introducimos un pequeno cadro cos tipos de emprazamento da bacía do Lézec:

A	B-1	B-2	B-3	C	D-1	D-2	E
9	3	2	3	8	3	3	4

Deseguido imos enumerar os castros do cadro anterior:

#### • Tipo A:

Coto Loureiro, castro de Sanguñedo (Forcarei); castro de San Cibrán, castro da Cerca (Cerdedo); castro de San Isidro (Campo Lameiro); monte do Castro-San Xurxo de Sacos, coto da Roda (Cotobade); monte do Castro-Mourente e monte da Torre (Pontevedra).

#### • Tipo B:

Subtipo B-1: castro de Garellas-castro de Rodeiras (Forcarei), castro de Vilar (Cerdedo) e coto da Cerca-San Xurxo de Sacos (Cotobade).

Subtipo B-2: monte do Castro-Cerdeiras e castro da Devesiña-Cascaneda (Campo Lameiro).

Subtipo B-3: As Mouteiras (Forcarei), monte do castro-Tenorio (Cotobade), monte do Castro-Maúnzo (Pontevedra).

• **Tipo C:**

Castroiz (Cerdedo); coto de Penalba (Campo Lameiro); monte do Castro-Cruz do Castro de Carballedo, coto de Paraños, A Cividá e coto do Castro-Viascón (Cotobade); castro de Gabián e monte Castelo-Lézec (Pontevedra).

• **Tipo D:**

Subtipo D-1: castro de Montes (Forcarei), castro de Arén (Cerdedo) e monte do Castro-Redonde (Campo Lameiro).

Subtipo D-2: castro do Pego (Cerdedo), coto das Rodelas-Parada (Cotobade) e castro do Valo-Bora (Pontevedra).

• **Tipo E:**

Castro da Mouteira (Forcarei); castro de Abaixo e Roda do Castro-castro de Arriba (Cerdedo) e A Cerca-Praderrei (Campo Lameiro).

Hai un certo equilibrio entre os tipos A (25'7%), B (22'7%) e C (23%), sendo os do tipo D (17%) e E (11'6%) menos frecuentes. Case se reparten nas dúas marxes por igual, posto que na marxe dereita da bacia temos dezaseis castros e dezaseis na esquerda.

No curso alto, que abrangue ata Cerdedo, onde recibe as augas do río do Castro hai catorce castros, no curso medio temos quince e outros seis no curso baixo. Podemos comprobar que o hábitat castrexo era importante, sobre todo ó longo do colector principal, aínda que tamén no entorno dos principais afluentes. Sirvan como exemplo o río do Castro (3), o Quireza (4) e o Almofrei (2+1 no interfluvio).

Os castros do tipo C (23%), ubicados en cotos moi destacados no entorno, serían os máis antigos. Estaríamos falando de castros da I Idade do Ferro, cun perfil subcónico. Algúns destes castros poden ter niveis de ocupación con cronoloxía tardía ou incluso altomedieval, como poden ser os casos do coto de Paraños, monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) ou, perto da divisoria, o coto do Castro (Famelga).

Os territorios contiguos son aptos para un uso extensivo, pois as mellores zonas agrícolas están afastadas. Destaca a súa gran visibilidade e a ampla área de visión. Dende varios deles óllase o mar, que nalgún caso está a máis de 20 km. de distancia como é o caso da Cividá,

o coto do Castro de Viascón ou o coto de Paraños. Estes emprazamentos permitiron, con seguridade, un control das vías de comunicación en todo o val que, polos indicios, debían ir a media ladeira. Ata a intervención deste ano na Cruz do Castro só se escavara Penalba, tamén do tipo C, e dá unha cronoloxía antiga, dos ss. VII-VI a.C. e pode que a súa orixe fose a fins do s.IX ou no s.VIII a.C. (Álvarez Núñez, 1986; 61).

Os do tipo A son os máis numerosos, case todos están nun interfluvio, e ó estar nun cumio controlan os lugares de paso dos diferentes cursos fluviais (nalgúns casos úsanse na actualidade) e o entorno, ó atoparse o castro máis elevado que o terreo contiguo. Este val dá moitas posibilidades para esa tipoloxía pois está moi compartimentado por cursos de auga.

O outro tipo que ten relación directa cos ríos, ademais do A, é o D, que se ubican nun meandro. Neste val temos seis casos (tres de cada subtipo), que supoñen o 17%. Se sumamos as porcentaxes dos dous tipos teríamos un 42'7% (quince de trinta e cinco). Isto indícanos a importancia estratéxica do control do Lézec para as comunicacións. Un elemento salientable, que puido influír nisto, é a existencia do aproveitamento do estaño nas estribacións montañosas da súa cabeceira (ex.: monte do Seixo) (González Ruibal, 2006-2007; 521).

Os de tipo B, que se ubican nunha aba de pendente lene ou moderada, teñen cifras parellas ós A e C, con oito castros (22'7%). O normal é que un xacemento de tipo C, nun curuto, controle no seu entorno cercano un de tipo B, nunha ladeira, como é o caso de Penalba cos de Cerdeiras e A Devesiña. Queremos anotar un detalle, o coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) do subtipo B-1, domina visualmente e está a máis altura que A Cividade, do tipo C, que se asenta nun outeiro prominente a uns cincocentos metros. Os deste grupo están no límite entre o ager e o saltus ou, nalgún caso, rodeados de terreo de cultivo.

O tipo E é o menos numeroso co 11'6% e catro castros. Hai que apuntar que polas características orográficas do val as posibilidades de asentarse en pequenas chairas son limitadas. Pola súa ubicación, no fondo do val, seguramente terían a súa orixe na II Idade do Ferro. As súas posibilidades defensivas eran febles, víanse na



obriga de erguer defensas complexas, cando menos aparentemente.

Outro aspecto a comentar brevemente é a relación dos castros cos recursos hídricos. Para ver isto imos engadir un cadro cos datos.

Distancia (M.)	Nº (%)
0-100	14 (40%)
100-200	8 (22'85%)
200-300	5 (14'3%)
300-400	5 (14'3%)
400-500	3 (8'55%)
TOTAL	35 (100%)

Un número relevante de xacementos castrexos están a carón ou moi perto de cursos fluviais (o 40% a unha distancia inferior ós 100 m.). Aproveitan zonas de meandros (Tipo D) ou de interfluvios (algúns do Tipo A) para que actúen de foxos naturais e, deste xeito, facilitar o reforzamento da súa defensa, cando menos en dúas e, ás veces, ata en tres das súas vertentes. Búscase a cercanía e o doado acceso a este recurso tan básico para a subsistencia. Onde máis se nota a proximidade ós cursos de auga é no tramo alto do Lézec. Pode influír nisto a orografía máis escarpada que dificultaría os desprazamentos para abastecerse dun recurso básico para a subsistencia. No parte alta da conca case todos os poboados están a menos de 100 m., o que reforza a nosa opinión. A maior parte dos castros máis afastados dos cursos fluviais ou mananciais son os ubicados na aba dun monte (B).

Altitudes	Nº (%)
0-100 m.	1 (2'8%)
100-200 m.	5 (14'3%)
200-300 m.	7 (20%)
300-400 m.	5 (14'3%)
400-500 m.	5 (14'3%)
500-600 m.	7 (20%)
>600 m.	5 (14'3%)
TOTAL	35 (100%)

Neste aspecto imos distinguir entre castros de altitudes baixas (0-200 m.), de altitudes intermedias (200-600 m.) e de altitudes elevadas (>600 m.). Os castros construídos en emprazamentos ubicados en altitudes intermedias, é dicir, entre 200-600 m. supoñen con vinte e catro un total do 68'6%. Os de altitudes baixas son seis (17'1%) e os de altitudes elevadas son cinco (14'3%). Isto reflicte un patrón de asentamento en relación coas altitudes que busca un control estratéxico das zonas de val e o acceso ás terras altas.

As antigas vías de comunicación atravesaban o val principal e os dos afluentes máis importantes máis ben por zonas a media ladeira, perto dos poboados castrexos, pero a unha altitude inferior. Os seus moradores non só buscarían emprazamentos de condicións defensivas favorables e un óptimo control do espazo no que estarían as terras para a súa subsistencia, senón tamén estar perto dos camiños de tránsito para poder relacionarse cos outros asentamentos da súa área xeográfica.

Segundo ascendemos ata a cabeceira e chegamos ás Serras Centrais ou Dorsal Galega van escaseando os poboados ata desaparecer nas súas estribacións e reaparecen varios km. despois na vertente contraria.

No que atingue á distribución do poboamento podemos dicir que a distancia media ó veciño (castro) máis próximo é de 1'626 km. e o segundo máis próximo é de 2'605 km. Agora ben, o reparto dos poboados sobre o territorio difire dunhas áreas a outras. A maior parte dos máis próximos están no abano entre 1-2 km. cun total de vinte (57'1%), logo síguenlle os que están a menos dun km., neste caso nove (25'8%) e os que se atopan a máis de 2 km. que son seis (17'1%) No grupo do segundo máis próximo predominan os que están entre 2-3 km. Todos os castros que teñen o máis próximo a menos dun Km., agás dous, están na parte media do val, onde a súa amplitude acadada os valores máximos.

Outro aspecto a ter en conta é o da intervisibilidade entre poboados castrexos. A continuación introducimos un cadro cos datos dos castros visualizados dende outros.

Nº castros visualizados	Nº Total de castros
0	7
1	6
2	10
3	2
4	1
5	2
6	1
7	1
8	2
9	2
10	1

Dende sete deles (20%) non se ve ningún outro. Todos eles están no curso alto e débese ó seu encaixonamento e á cercanía de cumios elevados. Non temos ningún nun coto elevado ou en chaira nesta situación. Na parte media da bacía hai un ensanchamento significativo (uns 8 km.). Isto facilita un control visual máis doado do territorio e unhas mellores comunicacións.

Moitos poboados atópanse na liña de ruptura de pendentes entre a parte alta das estribacións montañosas e o val. Soen vencellarse con liñas de auga favorecedoras da defensa e da subsistencia dos poboados. Ubícanse en emprazamentos que permiten un control estratéxico do territorio de explotación de recursos e dos camiños.

Un número significativo de poboados, malia as súas defensas naturais, teñen un sistema defensivo de gran envergadura que realza máis a súa visualización. Puido deberse a unha posible inseguridade causada pola competencia polo dominio do territorio necesario para a subsistencia e ó risco dun hipotético ataque exterior doutros poboados (ex.: A Cividá ou Castrodiz). A boa visualización e o amplo control do territorio deberon ser rasgos básicos para a pervivencia da cultura castrexa durante un abano temporal tan amplo.

No que atingue ás superficies a maioría non superan a hectárea de extensión, sendo o de maior tamaño A Cividá-San Xurxo de Sacos

(aprox. 2'35 has.), que nalgúns publicacións considérase un “lugar central” (Parcero, 2002; 212, 213, 214, 215 e 216).

Os intercambios comerciais non os imos tratar aquí pois xa se fala deles nos resultados da campaña recentemente desenvolvida na Cruz do Castro (Carballedo). Podemos apuntar que primeiro cos fenicios e logo cos romanos xeralízanse e intensifícanse as relacións comerciais. Hai vestixios en varios castros: Penalba, A Cerca-Praderrei, San Cibrán-Vilalén ou Mourente.

Outro aspecto a comentar é o da rexionalización ou subrexións e agrupacións dos castros. Na bacía do Lézec temos un total de seis: I/ curso alto do Lézec (6), II/ río do Castro (4) / III/ val do Quireza (4) / IV/ val medio do Lézec (13) / V/ curso baixo do Lézec e val do río Fontáns (6) / VI/ val do Almofrei (2).

Podemos afirmar que as divisorias das concas principais e dos afluentes máis importantes xeran un espazo agreste e compartimentado que se acentúa na cabeceira do Lézec (I, II, III). A máis importante é a IV, que denominamos como val medio do Lézec, con trece castros. Estamos diante da área do val con maior ensanchamento. Danse unhas condicións do hábitat favorables. Nela hai a maior concentración de gravados rupestres prehistóricos do NO. peninsular.


O patrón de asentamento son agrupacións de castros e cunha intervisibilidade de espectro moi amplo. Obsérvase unha apertura e expansión do poboamento dende a plataforma litoral cara o interior e unha dispersión e distribución significativa nas concas fluviais na Idade do Ferro. Podemos concluír dicindo que a compartimentación da orografía propicia a dispersión de pequenas comunidades con territorios ben definidos por accidentes naturais.

Un problema que padecen os xacementos arqueolóxicos, en xeral, e os castros en particular é o das destrucións e alteracións que padeceron ó longo do tempo e que lle afectaron seriamente a varios deles en maior ou menor medida (A Moureira, Tenorio, monte do Castro-San Xurxo de Sacos, Cerdeiras, San Isidro, Arén, Mourente, etc.). Na Cruz do Castro a obtención de pedra por parte dos canteiros causou alteracións e tamén o paso dun tendido eléctrico que atravesa o xacemento e a

repopoación forestal de eucaliptos (hoxendía afortunadamente eliminada).

### MONTE DO CASTRO-CRUZ DO CASTRO (CARBALLEDO)

Estamos diante dun castro cun empraçamento no alto dun coto ou outeiro con fortes pendentes por tres vertentes, é dicir, un asentamento do tipo C. Está a unha altitude de 479 m. Este sería un poboado de altitudes intermedias (200-600 m.). No sector que dá cara cumios máis elevados hai unha chaira e cara ela hai un foxo e un parapeto externo. Os castros deste tipo caracterízanse, malia as súas excelentes condicións defensivas naturais, por ter un sistema defensivo cunhas murallas anchas, neste caso pétreas, sen taludes terreños, e de gran envergadura, para ser mellor visualizadas na lonxanía. Este poboado ten tres recintos rodeados por cadanseu corpo de muralla e o acceso debeu facerse polo foxo que o protexe da aba máis alta nese sector, logo complementábase cun parapeto externo.



**Figura 1:** Área de visión (1km. - 2km.). Monte do Castro - Cruz do Castro (Carballedo) (Escala 1:25.000)

Caracterízase, como é normal nos do tipo C, por posuír unha área de visión de espectro amplo. A 1 km. de distancia visualízase o 91'56% do territorio (2'87 km<sup>2</sup>) e a 2 km. o 56'72 % (7'12 km<sup>2</sup>). A categorización da devandita área sería de moi boa (80-100%) no primeiro caso e de media (40-60%) no segundo. Cara o N. é reducida pois está nas estribacións de cumios máis elevados (monte da Arcela, coto do Ceo, monte Coirego); cara o E. o monte do Seixo (Dorsal Galega); polo S. o val do Almoforei ó seu paso por Carballedo e ata a divisoria de augas co val do Verdugo (monte do Castro de Famelga); finalmente, hai que dicir que o maior dominio visual é cara o O., polo val do Almoforei ata a serra da Fracha, no límite coa Depresión Meridiana e, ó lonxe, apréciase Cortorredondo, na divisoria de cumes entre as rías de Vigo e Pontevedra.

No que atingue á intervisibilidade con outros xacementos, dende este castro só se visualizan outros dous: coto do Castro (Famelga) e coto de Paraños (Carballedo). A maioría dos castros da bacía do Lézrez aséntanse en empraçamentos na liña de ruptura de pendentes, como é este caso, ou en zonas baixas do val, en lugares estratéxicos, que se atoparían perto das vías naturais de penetración no territorio. O dominio e o control visual das vías de comunicación denota o seu carácter estratéxico. Ata este castro ascende un antigo camiño dende a parte baixa do val (antigo camiño da Correioira).

Este castro, xunto co de Paraños, estaría na subrexión VI da bacía do Lézrez (val do Almoforei). Os dous ubícanse en puntos estratéxicos, pois dominan o val e o paso ás terras elevadas e escarpadas da cabeceira do Almoforei. Ó veciño máis próximo é o coto de Paraños (1'95 km.) e o segundo máis próximo é o coto da Cerca-San Xurxo de Sacos (3'6 km.). En resume, as características do medio físico condicionaron a distribución poboacional durante o abano cronolóxico que dura a Cultura Castrexa do NO.




Figura 2.

**Lista de castros da bacia do Lérez:**

Nº	NOME DO XACEMENTO		
1	Castro de Loureiro-Coto do Castro	19	Monte do Castro (Cerdeiras)
2	Castro de As Mouteiras	20	Castro da Devesiña
3	Castro de Montes	21	Monte do Castro-Cruz do Castro
4	Castro de Garellas-Castro de Rodeiras	22	Coto de Paraños
5	Castro de Sanguñedo-Coto do Castro	23	A Cividá
6	Castro da Mouteira	24	Coto da Cerca
7	Castrodiz	25	Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos)
8	Castro do Pego	26	Coto do Castro (Viascón)
9	Castro de San Cibrán (Vilalén)	27	Monte do Castro (Tenorio)
10	Castro de Abaixo	28	Coto das Rodelas
11	Roda do Castro-Castro de Arriba	29	Coto da Roda
12	Castro de Vilar - Coto do Castro - Os Castros	30	Monte do Castro- Castro da Raxeira (Mourente)
13	Castro de Arén	31	Castro do Valo
14	Castro da Cerca (Vilariño)	32	Monte do Castro (Maúnzo)
15	Coto de Penalba	33	Monte do Castro (Gabián)
16	A Cerca (Praderrei)	34	Monte Castelo (Lérez)
17	Castro de San Isidro-Monte do Castro	35	Monte da Torre-Monte do Castro
18	Monte do Castro (Redonde)	○	Coto do Castro - Famelga

Figura 2: Mapa de castros da bacia do Lérez (Escala 1:200.000– IGN-MOPT)






Figura 3: Mapa de castros (Escala 1:224500-IGN) con curvas de nivel.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1984): *Campo Lameiro: donde la historia de las raíces de Galicia se escribió en piedra*. Guía de los itinerarios a los complejos inscultóricos rupestres. Concello de Campo Lameiro.
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1986): *Castro de Penalba. Campaña 1983*. Col. Arqueoloxía / Memorias, nº4. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1987): “Castro de Penalba (Campo Lameiro) y Castro dos Mouros (Moraña). Campaña de excavaciones 1987”. *El Museo de Pontevedra*, XLI. Pontevedra. Páxs. 97-111.
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1989): “Castro de Penalba e prospección no Castro dos Mouros (Campo Lameiro). *Arqueoloxía / Informes 1. Campaña 1987*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 36-40.
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1991): “Castro de Penalba (Campo Lameiro)”. *Arqueoloxía / Informes 2. Campaña 1988*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 37-42.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (2002): *A Cultura castrexa na comarca de Deza*. Colección Deza Básicos Nº4. Patronato Cultural de Lalín – Seminario de Estudos do Deza. Concello de Lalín.
- CONCHEIRO COELLO, A.; MONTERO GONZÁLEZ, O. (2004): “Un modelo de posta en valor do patrimonio cultural a escala local: o Concello de Cotobade (Pontevedra). *Análise Empresarial Galego*.
- CONCHEIRO COELLO, A.; MONTERO GONZÁLEZ, O. (2006): “Os gravados rupestres da parroquia de San Miguel de Carballo (Cotobade)”. *A Peneira* (1ª quincena - xullo 2006).
- DORRIBO CAO, J.R.; REBOREDO TAJES, M. (2000): *Guía dos castros de Galicia*. Ed. do Cumio. Vigo.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954): *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. El Museo de Pontevedra VIII*.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1955): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra IX*. Páxs. 31-45.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1959): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra XIII*. Páxs. 19-97.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1955): “Petróglifos del monte Pedreira, en Carballo (Pontevedra)”. *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología*. Zaragoza.
- GARCÍA ALÉN, A.; PEÑA SANTOS, A. de la (1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007): *Galaicos: Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*. 2 vols. *BRIGANTIUM*. Volumes 18-19. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1998): *La Arqueología de la Gasificación en Galicia 7: Hacia una Arqueología Agraria de la Cultura Castreña*. TAPA 9. LAFC. USC. Santiago de Compostela.
- PARCERO OUBIÑA, C. (2002): *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del NO. Ibérico*. Ed. Fundación Ortegalia. Ortigueira.
- PEÑA SANTOS, A. de la (2003a): *Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización*. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- PEÑA SANTOS, A. de la (2003b): “Nº6. Placa de cinto (Castrexo, ss. VIII-VII a.C.). Nº7 Obxectos de ferro (Castrexo, ss. VIII-VI a.C.)”. No *Catálogo da Exposición Conmemorativa da Fundación do Museo de Pontevedra: “75 obras para 75 anos”*. Pontevedra. Páxs. 206-209.
- PEÑA SANTOS, A. de la; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1979): *Los petróglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos. Ed. do Castro. Sada.
- PÉREZ ALBERTI, A. (1986): *A Xeografía*. Ed. Galaxia. Vigo.

REBOREDO TAJES, M. (1995): *Aproximación aos castros dos concellos de Cotobade, A Lama e Pontecaldelas (Pontevedra) dende un punto de vista espacial*. Traballo de investigación do 3º ciclo. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Inédito.

REBOREDO TAJES, M. (2002): “A cultura castrexa. O caso de Forcarei”. *Revista COTAREDO N°5*. Ed. Concello de Forcarei. Páxs. 62-65.

REBOREDO TAJES, M. (2005): “Os xacementos arqueolóxicos de Forcarei”. En F. ROZADOS “ROCHI”: *Forcarei. Historia fotográfica do s.XX*. Excm. Deputación Provincial de Pontevedra. Páxs. 63-70.

REBOREDO TAJES, M. (2008): *A cultura castrexa nos vales dos ríos Lérez-Almoforei e Verdugo-Oitavén*. Tese doutoral. Dpto. de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita.

SANTOS ESTÉVEZ, M. (1998): “Catalogación dos xacementos arqueolóxicos do concello de Cotobade (Pontevedra)”. *GALLAECIA N°17*. Dpto. de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 223-243.

SOBRINO BUHIGAS, R. (1935): *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela.

